

## DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL ADOPTADO NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 15 DE MAIO DE 2023.

### **ASUNTO:**

**APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2023. (EXPTES.- 2023035464 - 2023032115)**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2023, asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 10 de maio de 2023, e na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, cuxo contido é o seguinte:

*“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/23), por importe de 403.646,76 euros, suplementos de créditos (SUP.04/23), por importe de 7.968.790,00 euros.*

*Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:*

- Crédito extraordinario (EXT. 04/23), fináncianse na súa totalidade con “remanente líquido de tesourería para gastos xerais, cuxo detalle indícase posteriormente.*
- Os suplementos de créditos (SUP. 04/23), fináncianse na súa totalidade con baixas por anulación das aplicacións que manteñen créditos que se estiman reducibles sen perturbar os correspondentes servizos.*

*Resultando que a Intervención emite informe de data 10 de maio de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.*



Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/23) por importe de 403.646,76 euros, financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais; suplementos de créditos (SUP.04/23) por importe de 7.968.790,00 euros, financiados con baixas por anulacións. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. **Créditos Extraordinarios “EXT. 04/23”:**

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2318-204.00	ARRENDAMENTO DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	13.200,00 €
232-2318-221.41	VESTIARIO_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	5.500,00 €
232-2318-223.00	TRANSPORTES_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	15.000,00 €
232-2318-224.03	PRIMAS DE SEGUROS, OUTROS RESPONSABILIDADE CIVIL_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	5.000,00 €
232-2318-226.09	GASTOS DIVERSOS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS E XUVENÍS_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	13.200,00 €
232-2318-226,99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	34.100,00 €
232-2318-227.03	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, ASISTENCIA MÉDICA EXTERNA_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	1.000,00 €
232-2318-625.01	MOBILIARIO E ENSERES, ADQUISICIÓNS_C. P. FELIPE (Campamentos de verao para nenos e xoves Ucranianos)	3.000,00 €
942-9420-762,49	ACHEGAS AO CONCELLO DE RODEIRO, CONVENIOS E OUTROS_COOPERACIÓN [Proxecto Urbanización praza Oseira e envolvente]	313.646,76 €
	<b>Total Créditos Extraordinarios...</b>	<b>403.646,76 €</b>

**Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 04/23:**



O expediente de créditos extraordinarios, financiase na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (Ext. 04/23)...	403.646,76 €
	<b>Total Ingresos...</b>	<b>403.646,76 €</b>

## 2. Suplemento de Crédito "SUP. 04/23":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4326-626.01	EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN TURISMO [Proxecto: 92310003_ TOURIST INSIDE II (PRTR_Ministerio de Industria, Comercio e Turismo)]	84.700,00 €
433-4326-640.03	INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL, (DIXITALIZACIÓN, BIG DATE, INTELIXENCIA ARTIFICIAL) _ TURISMO [Proxecto: 92310003_ TOURIST INSIDE II (PRTR_Ministerio de Industria, Comercio e Turismo)]	134.090,00 €
456-4530-612,01	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS: SEGURANZA VIARIA, SINALIZACIÓN _INFRAESTRUTURAS	2.750.000,00 €
456-4530-612,02	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _INFRAESTRUTURAS	5.000.000,00 €
	<b>Total Suplementos de Créditos...</b>	<b>7.968.790,00 €</b>

## Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 04/23:

Os importes correspondentes aos suplementos fináncianse na súa totalidade con baixas por anulación de aplicacións que manteñen créditos que se estiman reducibles sen perturbar os correspondentes servizos, co detalle seguinte:

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762.99/2022	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS_COOPERACIÓN	-218.790,00 €
456-4530-612,02/2022	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS/2022 _ INFRAESTRUTURAS	-7.750.000,00 €
	<b>Total Baixas por Anulacións...</b>	<b>-7.968.790,00 €</b>

## Resumo do expediente:

<b>TOTAL SUPLEMENTOS.....</b>	<b>7.968.790,00 €</b>
-------------------------------	-----------------------



TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS.....	403.646,76 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN.....	-7.968.790,00 €
SUMA...	403.646,76 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	403.646,76 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	403.646,76 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	403.646,76 €

#### ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	87.000,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	221.790,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	94.856,76 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	403.646,76 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	403.646,76 €

**Segundo:** Este expediente de modificación de créditos número 04/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/23), por importe de 403.646,76 euros e suplementos de créditos (SUP.04/23) por importe de 7.968.790,00 euros, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.



*Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 10 de maio de 2023, e na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, cuxo contido é o seguinte:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2023, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

O Secretario da Comisión  
Asdo.: José Antonio Gulías Varela.  
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

